



EXPTE. Nº 19/2020 (ELECTRÓNICO 2020007729): “SERVICIOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN DE RECADACIÓN, NOS PERIODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA”.

ASUNTO: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

Por resolución desta alcaldía de data 23 de xullo de 2020 foi aprobado o expediente de contratación dos “servizos complementarios e de colaboración na xestión de recadación, nos periodos voluntario e executivo de todo tipo de sancions administrativas, así como da súa xestión, agás as de natureza urbanística”, (expediente nº 8/2020 (2020002617)).

Durante a licitación do procedemento, foi acordado o seu desistimento, mediante resolución de data 06 de agosto de 2020, á vista de varios erros nos pregos.

Sendo necesario contratar o antes posible estes servizos, o tesoureiro do Concello emitiu o 11 de novembro de 2020, de conformidade co establecido no artigo 116.4 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), informe no que se determina o valor estimado do contrato, tendo en conta os datos da contabilidade municipal durante o último exercicio.

A finalidade do contrato é a colaboración na xestión administrativa de sancions e multas de tráfico. As actividades a realizar son entre outras: a mecanización de denuncias, a emisión de listaxes para controlar as denuncias gravadas, a incoación e notificación do procedemento sancionador, a asistencia ao órgano instrutor, controlar mediante aplicación informáticas os cobros tanto en voluntaria, como en executiva...; tarefas que para que se leven a cabo é imprescindible ter coñecementos na materia.

O prego de prescricións técnicas, que rexerá este contrato é de data 29 de maio de 2020 (documento do anterior expediente, o nº 8/2020), que de acordo coa resolución desta alcaldía de data 11 de novembro de 2020 é incorporado a este procedemento de contratación, o expediente 19/2020 (2020007729).

Á vista dos antecedentes expostos, enténdese xustificada a necesidade da contratación destes servizos.

Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, referente a necesidade e idoneidade do contrato, debéndose incorporar a presente memoria no correspondente expediente de contratación.

En Sanxenxo,

O alcalde, Telmo Martín González

(documento asinado electronicamente na data que figura ao pe)